

DECRETO DA ALCALDÍA

ASUNTO: CONVOCATORIA SESIÓN CONSTITUTIVA DA CORPORACIÓN LOCAL. SÁBADO 17 DE XUÑO DE 2023

EXPEDIENTE: 2023/G003/000880

(Eleccións municipais celebradas o 28 de maio de 2023)

Segundo o contido do acta de proclamación da Xunta Electoral de Zona de 8 de xuño de 2023 de proclamación de candidatos electos ó cargo de concelleiro e nesta condición queda vostede **convocado á sesión constitutiva da Corporación Local** do Concello de Santa Comba que se celebrará no Salón de Plenos da Casa do Concello o **SÁBADO día 17 de XUÑO DE 2023, ás 12:00 HORAS para proceder en sesión pública á constitución da Corporación local e á elección do Alcalde** segundo o regulado nos artigos 195 e 196 da Lei Orgánica 5/1985, 19 de xuño, de réximen electoral xeral e os artigos 36.2º, 37 e 40 do Real Decreto 2568/1986, de 28 de novembro, regulamento de organización, funcionamento e réximen xurídico das entidades locais, e demais normativa concordante.

En caso de non constituirse a Corporación local en dita sesión, celebrarase a sesión dous días despois: o luns 19 de xuño de 2023, á mesma hora (12:00 horas), segundo regula o artigo 195.4º da Lei Orgánica 5/1985, 19 de xuño, de réximen electoral xeral e o artigo 37.4º do Real Decreto 2568/1986, do 28 de novembro, regulamento de organización, funcionamento e réximen xurídico das entidades locais.

ORDE DO DÍA

Nº	ASUNTO/S
1	CONSTITUCIÓN DA CORPORACIÓN LOCAL (MESA DE EDADE, CREDENCIAIS, DECLARACIÓN DE INTERESES, XURAMENTO OU PROMESA, TOMA DE POSESIÓN, DECLARACIÓN DE CONSTITUCIÓN DA CORPORACIÓN).
2	ELECCIÓN DE ALCALDE (VOTACIÓN, XURAMENTO OU PROMESA, TOMA DE POSESIÓN).

Pola secretaría levaranse a cabo os trámites necesarios para a notificación dos membros electos da Corporación municipal facendo efectiva esta resolución. Os electos da Corporación Municipal, así como o partido político, son os que se relacionan de seguido:

NOME E APELIDOS	PARTIDO POLÍTICO	
ALBERTO ROMAR LANDEIRA	PSdeG-PSOE	
NOELIA BALEATO TOJA	PSdeG-PSOE	
PATRICIA VAL ANTELO	PSdeG-PSOE	
ESTEFANÍA CALVELO MUÑIZ	PSdeG-PSOE	

PABLO NEGREIRA SOUTO	PSdeG-PSOE	
CARLOS TURNES ROMERO	PSdeG-PSOE	
MARÍA SALOMÉ BUSTELO LÓPEZ	PSdeG-PSOE	
MARÍA JOSEFA POSE RODRÍGUEZ	PP	
JUAN JOSÉ LÓPEZ MUÑOZ	PP	
JOSEFA MARÍA CALVO VILAR	PP	
SILVIA CANCELA BLANCO	PP	
FERNANDO BAÑA DOMÍNGUEZ	PP	
ANDY GARCÍA PEREIRA	PP	

Esta resolución notificarase en cumprimento do artigo 40 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, coa indicación que:

Esta resolución, ao abeiro do art. 114 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, pon fin á vía administrativa e contra ela poderá optar por:

a) Interpor, con carácter potestativo, recurso de reposición perante este órgano, no prazo dun mes contado desde o día seguinte ao da notificación da presente resolución, nos termos dos art. 123 e 124 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas.

b) Con posterioridade á resolución expresa ou presunta do recurso de reposición, ou directamente, poderá interporse recurso contencioso administrativo, ante os xulgados do Contencioso Administrativo no prazo de dous meses contados desde a resolución expresa do recurso de reposición ou 6 meses dende a súa resolución presunta. No caso de interporse o recurso contencioso-administrativo directamente, o prazo será de dous meses contados dende a notificación deste acto.

c) O recurso extraordinario de revisión, de acordo co art. 113 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, ou calquera outro que estime procedente.

Santa Comba, na data da sinatura dixital

A alcaldesa

María Josefa Pose Rodríguez

Dou fe. A secretaria xeral

Cristina Alonso Losada